

DEFENDE A TÚA DIGNIDADE E OS TEUS DEREITOS

MOBILÍZATE CONTRA OS RECORTES SOCIAIS, A REFORMA LABORAL E O PACTO SOCIAL

PARTICIPA NA FOLGA XERAL

É HORA DE REBELARNOS



www.cgtgalicia.org / www.rojoynegro.info

FOLGA XERAL

contra
a reforma laboral
e o pacto social

29
de
MARZO



XUSTIZA SOCIAL - SERVIZOS PÚBLICOS
EMPREGO - DEREITOS - LIBERDADE



29 Marzo

FOLGA XERAL

Contra a Reforma Laboral e o Pacto Social

Dende o ano **2007**, o conxunto da poboación, **especialmente a clase traballadora**, xuventude, pensionistas, estudantes, desafiuzados... vimos soportando sobre as nosas costas o peso dunha **crise económica** provocada e deseñada dende a clase dirixente e poderosa, a clase política, a patronal, a banca e os mercados reconvertidos en novos deuses capaces de facer retroceder en décadas a calidade de vida da maioría da sociedade.

Dende o **estalido da burbulla inmobiliaria** hai cinco anos, sufrimos enormes **recortes e retrocesos** en dereitos laborais, sociais, ambientais e o desmantelamento e privatización dos servizos públicos de xeito nunca imaxinado, que nos conduciron a unha **situación desesperada** á cal **temos que facer fronte**.

A SITUACIÓN É DANTESCA

Mediante **decretazos** e **tesoiradas** o poder logrou: case **6 millóns de persoas expulsadas do traballo**; aumento da pobreza, da explotación, da exclusión, dos desafiuzamentos, da desigualdade social, da violencia e represión policial para quen

protesta...; **medidas de axuste en gastos sociais** para reducir o déficit en millóns de euros; **redución de salarios e perda de poder adquisitivo**; varias reforma laborais para facilitar o **despedimento libre e gratuito**; reforma das pensións para aumentar a idade de xubilación aos 67 anos e cobrar unha **pensión reducida**; reforma da negociación colectiva para anulala e que os **convenios non sirvan para nada**; reforma da constitución para que o pagamento da débeda sexa o primeiro; **aumento dos impostos** para toda a poboación, agás os poderosos; pacto social entre a patronal e o sindicalismo institucional para vincular os salarios aos obxectivos das empresas; **recortes sociais** na educación, na sanidade, nos servizos públicos e sociais e finalmente unha

ÚLTIMA REFORMA
LABORAL QUE REMATA
DEFINITIVAMENTE COS
DEREITOS DA CLASE
TRABALLADORA E OUTORGA
TODO O PODER Á EMPRESA

Ao mesmo tempo, **a banca** **recibe axudas de millóns de euros para garantir a estafa** á que nos someteu, as empresas e os

especuladores financeiros **evaden divisas aos paraísos fiscais**, cometen **fraude** á facenda pública e están exentos de cotizacións á seguridade social.

PERO ESTA SITUACIÓN É REVERSIBLE

Debemos ser conscientes que somos as mulleres e os homes da clase traballadora os que facemos que a sociedade funcione, os que xeramos a riqueza, os que nos levantamos todos os días para poñer en marcha o país, acender as máquinas nas industrias e fábricas, facer funcionar os servizos públicos, os transportes e as comunicacións, abrir os centros educativos e hospitalarios, xestionar a enerxía, as oficinas, as tendas e comercios, a limpeza e os coidados que necesitan as persoas maiores.

Somos por iso donos duns **dereitos** que nos son inherentes en calquera momento e situación. **Non somos mercadoría en mans da patronal e as empresas.**

Na **CGT levamos anos loitando e defendendo a dignidade da clase traballadora**, con accións e mobilizacións nas rúas e nos centros de traballo denunciando a perversidade desta crise e que os dereitos que hoxe perdamos, por non os defender, serán moi difíciles de recuperar.

Por iso, **convocamos a esta Folga Xeral a todas e todos os que aquí vivimos e traballamos**, unha folga imprescindible para dar unha resposta a esta violencia que o sistema está a exercer contra as nosas vidas. Pero **esta Folga Xeral debe ser unha data máis** no conxunto de accións, mobilizacións e pelexas que a diario imos ter que enfrontar contra esta ondada de paro, **EREs**, exclusión social e represión; contra os que xeraron esta crise e os seus xestores políticos **ata conseguir que se derroguen a Reforma Laboral** e todas as leis antisociais que están a aprobar.

É HORA DE REBELARNOS,

de ocupar as rúas e parar os centros de traballo para defendernos daqueles que nos queren ver sen nada. Hai que tomar os espazos públicos e demostrar con forza que o presente e futuro é noso, que somos a maioría, que a nosa xeración vai loitar e defende os dereitos e liberdades que conquistaron os nosos antecesores e que lle imos deixar á nosa xuventude.

Dende a **CGT** imos seguir loitando para **cambiar as bases deste sistema** produtivo, económico, social, ambiental, político... ata lograr unha nova sociedade baseada na repartición da riqueza e o traballo, o respecto pola vida no planeta, **a xustiza social e a liberdade.**